

PLAN ESTRATÉXICO 2020

1. Análise da situación inicial

1.1 Área estratéxica : Docencia e aprendizaxe

As nosas reflexións nesta área basearíanse principalmente no Grao en Enxeñaría Informática así como nos tres mestrados do centro que se prevé que se continuen a impartir nos vindeiros cursos, que son o Mestrado en Enxeñaría Informática, o Mestrado en Computación de Altas Prestacións, e o Mestrado en Técnicas Estatísticas. O Mestrado en Enxeñaría Matemática continuará, máis tras unha profunda transformación, polo que non se recolleron indicadores para o mesmo o curso pasado.

1.1.1 DA1.1 Graduación

- Valor inicial: Descoñecido
- Valoración relativa: Descoñecido
- Causas internas do desempeño relativo: Non pode avaliarse
- Causas externas do desempeño relativo: Non pode avaliarse
- Conclusión: Non pode avaliarse en relación aos datos dispoñibles, máis tendo en conta os antecedentes e as outras taxas desta área estratéxica, é razoable estimar que este ámbito constitúe unha debilidade do centro. Adicionalmente podemos subliñar que o Grao en Enxeñaría Informática do centro plantexa obter unha taxa do 25%, en tanto que os mestrados prevén taxas entre o 50% e o 80%. Xa que a taxa plantexada polo PE UDC2020 é de un 30% en dito ano, tendo en conta a maior dificultade das enxeñarías así como a memoria actual dos títulos do centro, parece razoable marcar como obxectivo para o 2020 atoparse nas taxas plantexadas nas devanditas memorias, o que requirirá esforzos por parte do centro.

1.1.2 DA1.2 Abandono

- Valor inicial: 32.3%
- Valoración relativa: moi por encima da media da UDC (23.1%)
- Causas internas do desempeño relativo:
 - No 2012/13 a taxa no Grao en Enxeñaría Informática foi do 18.8%, o que é case a metade do dato obtido, e moito máis en liña co valor medio da UDC. Adicionalmente, nos mestrados esta taxa baixaba ata o 4% e o 8.7% (no Mestrado en Enxeñaría Informática non é



computable ao terse implantado no 2012/13). Polo tanto o elevado valor débese ás titulacións vellas anteriores ao EEES, nas que no ano de cómputo da métrica había un elevado número de alumnos que abandonaban os estudos para incorporarse á nova titulación do Grao en Enxeñaría Informática implantada no 2010/11, distorsionando por tanto fortemente esta métrica. A métrica caerá por tanto dun xeito natural a un valor moito máis cercano á media da universidade co tempo.

- O feito de que o Grao en Enxeñaría Informática fose un dos últimos graos adaptados ao EEES en implantarse levou a que o efecto de abandono tivera lugar nas titulacións vellas máis tarde no noso centro que noutros.
- A dificultade intrínseca das enxeñarías respecto a outras titulacións.
- A taxa de éxito relativamente baixa no caso do Grao en Enxeñaría Informática desanima a algúns estudantes.
- A menor (de feito, inexistente) nota de corte para acceder aos estudos do Grao en Enxeñaría Informática, en comparación coas elevadas notas doutras titulacións, sendo de feito esta titulación unha da minoría que non requiriu nota de corte (<http://www.edu.xunta.es/centros/iesperdouro/system/files/Notas-de-corte.pdf>) fai que alumnos con menos capacidade para enfrontarse con éxito aos estudos se matriculen no título.
- Causas externas do desempeño relativo:
 - Substantial redución das axudas ao estudo.
 - Incremento dos custos dos estudos (cando menos relativos, debido á baixa do poder adquisitivo), que impactan máis negativamente nas enxeñarías debido á maior dificultade de superalas.
 - A informática proxecta unha imaxe que pode chocar coa existencia de contidos diversos máis teóricos ou específicos que poden desanimar a algúns estudantes.
 - A excelente inserción laboral do título atrae estudantes con baixa motivación ou interés/vocación real nos estudos ofertados.
- Conclusión: É claro que o abandono é un ámbito no que o centro amosa unha grande debilidade. O PE UDC2020 plantexa unha taxa media inferior ao 15% para 2020, coincidindo coa taxa do 15% prevista na memoria do Grao en Enxeñaría Informática. Dado que os mestrados teñen taxas de abandono notoriamente inferiores, semella razoable plantexar como obxectivo para o centro acadar o 15% medio para 2020, sabendo que isto requirirá importantes esforzos. Entre os factores negativos comentados pensamos que aquel sobre o que o centro pode facer máis é a taxa de éxito.

1.1.3 DA1.4 Éxito

- Valor inicial: 65.4%



- Valoración relativa: moi por debaixo da media da UDC (82.7%)
- Causas internas do desempeño relativo:
 - A taxa coincide exactamente coa do Grao en Enxeñaría Informática, que contrasta coas dos mestrados, que acadaron taxas do 96.8%, 97.82% e 98.87% nos tres mestrados que estimamos que continuarán os vindeiros anos. Deste xeito, a taxa media debeu baixar ata o 65.4% debido ao efecto das titulacións antigas anteriores ao EEES, que están en extinción. Cabe esperar polo tanto que a taxa evolucione positivamente conforme estas titulacións se extingan definitivamente.
 - Esta taxa sube conforme se implanta un título ata estabilizarse, sendo o efecto especialmente forte nos graos. Deste xeito, ao ser o Grao en Enxeñaría Informática un dos máis recentemente implantados da UDC, é lóxico que teña un dos valores máis baixos.
 - As enxeñerías adoitan ter taxas máis baixas que as titulacións asociadas a outras ramas de coñecemento.
 - A masificación nalgúns clases froito de que o edificio foi planificado para un número menor de estudantes, PDI e PAS así como para outro tipo de docencia (a previa ao EEES), reduce a calidade da docencia facendo imposible o seguimento individualizado.
 - Algunhas materias, particularmente nos últimos cursos do grao, implementáronse moi recentemente, co que cabe esperar que non están aínda totalmente definidas.
 - Aínda que se aplicaron moitos cambios para favorecer una avaliación máis continuada e adaptada ao EEES que en teoría debería favorecer o éxito do estudante, con frecuencia atopamos que no caso da titulación de grao os estudantes non están mentalizados para seguir esquemas de avaliación deste tipo.
 - Relacionado con anterior, algúns estudantes non se informan adecuadamente da porción da cualificación que poden recuperar na segunda oportunidade, deixando escapar oportunidades que logo non poden recuperar.
 - A menor (de feito, inexistente) nota de corte para acceder aos estudos do Grao en Enxeñaría Informática, en comparación coas elevadas notas doutras titulacións, sendo de feito esta titulación unha da minoría que non requiriu nota de corte (<http://www.edu.xunta.es/centros/iesperdouro/system/files/Notas-de-corte.pdf>) fai que alumnos con menos capacidade para enfrontarse con éxito aos estudos se matriculen no título.
- Causas externas do desempeño relativo:
 - A informática proxecta unha imaxe que pode chocar coa existencia de contidos diversos máis teóricos ou específicos que poden desanimar a algúns estudantes.



- A excelente inserción laboral do título atrae estudantes con baixa motivación, interese ou vocación real nos estudos ofertados.
- Conclusión: Este indicador é unha debilidade do centro, xa que está moi por debaixo da taxa media da universidade, do 82.7%. Tendo en conta que o PE UDC2020 espera manter esta taxa por encima do 80%, que o Grao en Enxeñaría Informática ven mellorando esta taxa nos pasados cursos (arrancou 2010/11 cun 36.2%), así como que a taxa é moito mellor nos mestrados, cremos que plantexar unha taxa de éxito mellorada do 70% para 2020 é un obxectivo adecuado que axuda en particular aos obxectivos de mellora da taxas de graduación e abandono. Dado que a taxa ven dada polo comportamento das materias individuais do título, o centro fará especial énfase na capacidade e necesidade de que o PDI mellore a taxa nas materias individuais, e en particular no Grao en Enxeñaría Informática. Por outra banda o paulatino aumento da proporción de estudantes que están nos últimos cursos da titulación axudará dun xeito natural a mellorar esta taxa, dada a maior taxa de éxito destes cursos respecto a primeiro e segundo.

1.1.4 DA1.5 Motivación

- Valor inicial: 5.2
- Valoración relativa: na media da UDC (5.2)
- Causas internas do desempeño relativo:
 - A taxa de éxito baixa no caso do Grao en Enxeñaría Informática, e en menor medida, algunha das titulacións previas ao EEES que están en extinción.
 - Os estudantes poden vir cunha visión equivocada sobre os contidos das titulacións.
 - Algunhas materias son percibidas como pouco relacionadas coa práctica máis habitual da profesión.
 - O gran tamaño das clases leva á masificación, o que é desmotivante con respecto á atención individualizada.
- Causas externas do desempeño relativo:
 - A boa inserción laboral é un elemento motivador por se mesma.
 - As boas saídas profesionais do título atraen a algúns estudantes con pouca vocación.
 - As tecnoloxías da información xogan un papel crucial e crecente en todos os ámbitos.
 - A falta de definición de atribucións profesionais para os enxeñeiros informáticos repercute negativamente na aceptación social do título.
- Conclusión: Este ámbito non constitúe unha fortaleza ou debilidade particular do centro. Xa que a universidade plantexa mellorar este indicador ata valores superiores ao 6 en 2020 no seu Plan Estratéxico, e o centro está na media da universidade, é lóxico propoñer acadar unha taxa superior a 6 como obxectivo para 2020. Os plans de mellora enfocados na

taxa de éxito e en actividades diversas tales como as prácticas e a internacionalización do centro poden axudar a mellorar esta taxa, que pensamos que tamén subirá conforme aumente a porcentaxe de alumnos nos últimos cursos do Grao en Enxeñaría Informática, xa que atoparse cerca do fin dos estudos debería aumentar a motivación dos estudantes.

1.1.5 DA1.6 Participación na avaliación

- Valor inicial: 20.8%
- Valoración relativa: na media da UDC (19.3%)
- Causas internas do desempeño relativo:
 - Os estudantes non están suficientemente concienciados da importancia e utilidade da avaliación, en parte porque non observan de xeito directo os seus efectos.
 - Non hai recompensas á participación.
 - A participación foméntase mediante campañas que empregan carteis e correos electrónicos.
 - Como se puido observar coas enquisas de seguimento, o feito de facelas por internet dificulta moito a obtención das mesmas.
 - O elevado número de enquisas de distinto tipo así como o número de items en cada unha desaniman ao estudante.
 - En ocasións os estudantes non están seguros de qué profesor(es) imparte(n) cada materia, dificultando a realización destas enquisas.
- Causas externas do desempeño relativo:
- Conclusión: O centro atópase nunha situación moi próxima á media da universidade, non sendo por tanto este ámbito un aspecto destacable. A proposta do PE UDC2020 de acadar unha participación do 60% nos leva a plantexa a mesma meta para o centro, o que suporá importantes esforzos á vista do valor actual que requirirán de accións adicionais.

1.1.6 DA1.7 Avaliación docente

- Valor inicial: 41.4%
- Valoración relativa: moi por encima da media da UDC (25%)
- Causas internas do desempeño relativo:
 - Enorme carga burocrática do proceso.
 - A falta de transparencia e de regras claras de avaliación desaniman a participación.
 - Elevada proporción de docentes que se presentan para participar en procesos de acreditación.
- Causas externas do desempeño relativo:
 - Crecente concienciación da necesidade de avaliar de forma efectiva a activade docente do profesorado.
- Conclusión: Este indicador é unha fortaleza relativa do centro con respecto á media da universidade. Xa que o PE UDC2020 plantexa chegar ao 100%

de avaliados, é necesario que o centro se marque o mesmo obxectivo para poder acadalo, sendo consciente da gran dificultade de chegar a ese valor. De feito, tendo en conta o moi elevado do valor con respecto á media da UDC, melloralo será moito máis difícil que noutros centros.

1.1.7 DA3.3 Novos ingresos (grao)

- Valor inicial: 250
- Valoración relativa: moi por encima da media da UDC (120.1)
- Causas internas do desempeño relativo:
 - Centro de prestixio e longa traxectoria.
 - Variada oferta formativa (grao con cinco mencións, 5 mestrados).
 - A nova web de estudos.udc.es axuda a transmitir a información do título ao alumnado potencial.
- Causas externas do desempeño relativo:
 - Profesión moi demandada e menos afectada pola crise que outras.
 - Redución da demanda potencial debido á evolución demográfica no ámbito xeográfico asociado á nosa universidade.
 - A grande transcendencia das tecnoloxías da información non só na economía senon en todos os ámbitos sociais.
 - Existencia de outras dúas universidades en Galicia que ofertan un Grao en Enxeñaría Informática.
 - A nova web de estudos.udc.es non ten a capacidade de representar a estrutura do Grao en Enxeñaría Informática dun xeito claro.
- Conclusión: O número de novos ingresos do grao é unha gran fortaleza do centro, se ben tamén é un perigo para a calidade xa que unido á baixa taxa de éxito da lugar a unha masificación que é particularmente notable nos primeiros cursos. Deste xeito, e dado que a universidade desexa manter a matrícula para o 2020 no seu Plan Estratéxico, o centro plantexa estabilizar a entrada no Grao en Enxeñaría Informática a redor dos 240 alumnos. En vista da evolución da matrícula do centro, este obxectivo debería ser moi factible se continuamos cos plans de captación desenvolvidos ata o momento mentres se manteñan os factores positivos externos reseñados.

1.1.8 DA3.4 Novos ingresos (mestrado)

- Valor inicial: 56
- Valoración relativa: na media da UDC (55.9)
- Causas internas do desempeño relativo:
 - Os mestrados do centro son a porta natural de entrada a un dos catro programas de doutoramento con mención de calidade impartidos no centro.
 - Varios dos mestrados do centro son profesionalizantes.
 - A meirande parte dos mestrados do centro (todos excepto un) son interuniversitarios.

- O centro conta cun elevado número de mestrados (4 en activo).
- A nova web de estudos.udc.es axuda a transmitir a información dos títulos ao alumnado potencial.
- Causas externas do desempeño relativo:
 - A elevada demanda dos titulados de grao do centro fai menos atractiva a realización dos estudos de mestrado.
 - A normativa autonómica que esixe un número mínimo de estudantes por titulación de mestrado dificulta o mantemento de titulacións diferenciadas. Por iso pode redundar nunha redución da demanda de mestrados ao restrinxir a variedade de titulacións posibles ofertadas.
 - A lexislación que obrigaba aos enxeñeiros a realizar un mestrado para poder realizar estudos de doutoramento impulsaba a matrícula en mestrados dos enxeñeiros que querían doutorarse. O cambio lexislativo acordado recentemente reducirá a demanda de mestrados por estes profesionais.
 - Existencia de mestrados relacionados cos do centro nas outras universidades do SUG.
 - Existencia de posgraos non oficiais, ás veces respaldados pola UDC, que compiten cos do centro.
- Conclusión: O centro está nunha situación intermedia na universidade, co que non cabe clasificar este indicador nin como fortaleza nin como debilidade. A universidade plantexa acadar un 50% máis de estudante de mestrado para o 2020, máis tendo en conta as especiais características dos titulados do centro, coa súa boa perspectiva laboral, pensamos que lóxico que a longo prazo esta métrica sexa inferior neste centro que na media da universidade, polo que plantexamos un incremento dun 25%, que levaría o número de matriculados a 70. Cabe sinalar porén que este aumento no número de estudantes non é unha prioridade da maioría dos mestrados do centro, que consideran que neste nivel avanzado de formación superior é moito máis importante manter e mellorar a calidade da docencia ofrecida.

1.2 Área estratéxica : Investigación, innovación e transferencia

1.2.1 INV1.1 Produtividade científica

- Valor inicial: 0.964
- Valoración relativa: por debaixo da media da UDC (1.2)
- Causas internas do desempeño relativo:
 - O indicador só considera as publicacións en revistas do listado ISI JCR, as cales son un ámbito de difusión secundario con respecto ás conferencias de recoñecido prestixio no campo das disciplinas informáticas.



- Aínda que o PDI do centro centrarse a súa actividade difusora nestas revistas, o feito de que sexan secundarias no noso ámbito fai que os seus factores de impacto sexan moi inferiores aos das revistas doutros campos, co que non é realista compararse coa media da universidade.
- Dado que no noso ámbito as revistas son un soporte secundario respecto aos congresos e reciben polo tanto en xeral menos citas, publicar en revistas leva a empeorar outras métricas da produtividade científica do noso PDI asociadas ao número de citas recibidas tales como o índice H.
- Escaso soporte administrativo para a petición e xestión de proxectos, sobre todo a nivel internacional e de cooperación con empresas.
- O esforzo de implantación das novas titulacións e do ECTS cos niveis de matrícula actuais, realizase a costa do esforzo do profesorado, que asume maior carga docente da que tiña, o que repercute nas actividades de investigación.
- Causas externas do desempeño relativo:
 - A forte redución dos presupostos e axudas de investigación afecta máis negativamente as investigacións do centro xa que éstas dependen do uso de recursos informáticos actualizados.
 - A baixa taxa de reposición imposta dificulta a incorporación de doutores novos ao persoal, os cales adoitan ter unha boa produtividade e son fundamentais no desenvolvemento do traballo de campo.
 - A redución das perspectivas de conseguir traballos estables como investigador no noso país desincentiva a realización de estudos de doutoramento, de xeito que o número de estudantes de terceiro ciclo no centro non deixa de baixar nos últimos anos.
 - Os feitos anteriores unidos á elevada demanda de titulados de grao ou mestrado desincentiva moi fortemente a realización de estudos de doutoramento en informática, resultando nunha menor produtividade científica do centro.
 - A importancia das tecnoloxías da información favorece a realización de investigacións neste campo.
- Conclusión: Tendo en conta as nosas observacións respecto á natureza deste indicador e a súa baixa correlación e por tanto validez para medir a produtividade científica do persoal do centro, non semella razoable empregalo para clasificar ao centro. En canto á súa evolución, a universidade desexa acadar un valor de 1.3 para 2020, o que representa un incremento do 8.3%, que aplicado ao valor actual medido no centro nos leva a plantexar un valor de 1.05 para dito ano, que consideramos ambicioso dados os perigos arriba sinalados. Dadas as características do centro xa sinaladas, e o negativo entorno actual para a investigación, o obxectivo é moi ambicioso. Por outra banda cabe sinalar a baixa ou nula

capacidade do centro para actuar sobre este indicador que depende dos grupos de investigación.

1.2.2 INV1.5 Sexenios

- Valor inicial: 62.4%
- Valoración relativa: moi por encima da media da UDC (39%)
- Causas internas do desempeño relativo:
 - O PDI do centro é novo e sempre desenvolveu a súa carreira laboral tendo en conta este indicador.
 - O PDI é consciente da importancia da súa actividade investigadora.
 - O centro estivo aumentando o seu persoal desde a súa creación ata fai poucos anos, o que favoreceu unha boa produtividade científica, redundando no acadamento de sexenios.
 - A xuventude do PDI fai que teña poucos sexenios posibles, o que unido ás lóxicas publicacións asociadas as teses doutorais, facilita a mellora deste indicador.
 - A importancia da publicación en revistas do ISI WoK para a obtención dos sexenios impacta negativamente no indicador para o centro dada a maior importancia da publicación en congresos en recoñecido prestixio no campo da informática.
 - Escaso soporte administrativo para a petición e xestión de proxectos, sobre todo a nivel internacional e de cooperación con empresas.
- Causas externas do desempeño relativo:
 - A importancia das tecnoloxías da información favorece a realización de investigacións neste campo.
 - A elevada demanda de titulados de grao e mestrado desincentiva a realización de estudos de doutoramento do centro, dificultando o acadamento dunha maior produtividade científica.
- Conclusión: Este indicador máis realista da produtividade científica do centro demostra que esta é unha fortaleza absoluta do mesmo, superando incluso a media do 50% que a universidade desexa alcanzar para 2020 no seu Plan Estratéxico. Tendo en conta que canto máis elevado é este indicador, a dificultade para aumentalo ou mantelo é moito maior, así como o entorno adverso á investigación en que nos movemos, o centro desexa aumentar este indicador ata o 70% en 2020. Cabe facer as mesmas consideracións xerais que fixemos nas nosas conclusións da métrica anterior respecto ao entorno para a investigación e a baixa capacidade do centro para mellorar este indicador.

1.2.3 INV1.6 Doutoramento

- Valor inicial: 4
- Valoración relativa: moi por encima da media da UDC (0.29)

- Causas internas do desempeño relativo:
 - O PDI é consciente da importancia da súa actividade investigadora.
 - O centro estivo aumentando o seu persoal desde a súa creación ata fai poucos anos, o que favoreceu unha boa produtividade científica.
 - A maior parte dos estudos de doutoramento do centro son interuniversitarios, o que lles facilita o acadamento dun tamaño co que é máis factible obter a mención de calidade.
- Causas externas do desempeño relativo:
 - A importancia das tecnoloxías da información favorece a realización de investigacións neste campo.
- Conclusión: Este indicador ven sendo unha gran fortaleza do centro desde fai moitos anos, xa que supoñen case a metade dos nove que ten a universidade en total, apoiando as nosas observacións en canto á produtividade investigadora do centro. Dado que a universidade plantexa acadar unha taxa dun 35% de doutoramentos de excelencia para 2020, sendo este valor moi inferior á media do centro, plantexamos manter este nivel no devandito ano. Ao igual que cos outros indicadores deste área estratéxica, o acadamento deste obxectivo depende fundamentalmente dos grupos de investigación do centro.

1.2.4 INV1.7 Calidade das teses de doutoramento

- Valor inicial: 66.7%
- Valoración relativa: por encima da media da UDC (43%)
- Causas internas do desempeño relativo:
 - O PDI está concienciado da importancia de publicar nas revistas da ISI WoK para as métricas que manexan diversos organismos.
 - O centro estivo aumentando o seu persoal desde a súa creación ata fai poucos anos, o que favoreceu o desenvolvemento de teses de calidade.
- Causas externas do desempeño relativo:
 - A importancia das tecnoloxías da información favorece a realización de investigacións neste campo.
- Conclusión: Ao ser o indicador un 50% superior á media da universidade, este volve a sinalar que esta área estratéxica é unha fortaleza do centro e que os valores baixos noutros indicadores son debidos ás peculiaridades das áreas de investigación en que desenvolve o seu labor a maioría do PDI do centro. En canto á planificación estratéxica, dado que a universidade plantexa aumentar a taxa respecto aos anos anteriores, o centro replica este obxectivo, tendo en conta que ao partir dun índice superior, é máis difícil conseguilo. Por outra banda, este obxectivo axuda a alcanzar os outros plantexados nesta área e lle son de aplicación os mesmos comentarios xerais respecto ao entorno para a investigación e a baixa ou nula capacidade de influencia do funcionamento do centro neste indicador.



1.2.5 INV3.4 Doutoramento internacional

- Valor inicial: Descoñecido
- Valoración relativa: Descoñecido
- Causas internas do desempeño relativo: Non pode avaliarse
- Causas externas do desempeño relativo: Non pode avaliarse
- Conclusión: A carencia de datos impide avaliar a situación relativa do centro respecto ao indicador. Dado que o Plan Estratégico da universidade plantexa un incremento do 40% do número anual de teses defendidas na UDC con mención internacional, desde os cursos 2012-2013 até o curso 2019-2020, o centro replica o devandito obxectivo para colaborar na súa consecución. Por último sinalar a baixa ou nula capacidade do centro para actuar sobre este indicador, que de novo depende totalmente dos grupos de investigación, así como a dificultade que o actual entorno de financiamento supón para mellorar os indicadores desta área estratéxica.

1.3 Área estratéxica : Responsabilidade social

1.3.1 RS3.1 Plan ambiental

- Valor inicial: 0
- Valoración relativa: na media da UDC (0)
- Causas internas do desempeño relativo:
- Causas externas do desempeño relativo:
 - A universidade non transmitiu as directivas, os eixos ou a política para a elaboración de plans ambientais dos centros.
 - Polo momento non se plantexara a necesidade de elaborar un plan deste tipo.
- Conclusión: O centro está na mesma situación que todos os demais, non sendo este punto unha fortaleza ou debilidade particular do mesmo. Dado que a universidade prevé dotar a todos os centros dun plan ambiental específico antes de 2020, o centro plantexa tamén este obxectivo. Para acadar este obxectivo expónse un plan de mellora que estimamos viable completar no período considerado, sempre que a universidade proporcione as directivas para o deseño do plan.

1.3.2 RS3.4 Enerxía

- Valor inicial: Descoñecido
- Valoración relativa: Descoñecido
- Causas internas do desempeño relativo: Non pode avaliarse
- Causas externas do desempeño relativo: Non pode avaliarse
- Conclusión: Dado que o Plan Estratégico da universidade busca reducir o 5% en 2015 e 10% en 2020 o consumo enerxético específico anual,

expresado en kWh/empregado e en kWh/m² edificado, con respecto a 2011, o centro replica os mesmos obxectivos para colaborar na súa consecución. Este obxectivo requirirá importantes esforzos, xa que ao estar baseada a informática no uso de ordenadores, o uso de enerxía é intensivo tanto para as actividades docentes como investigadoras.

1.4 Área estratéxica : Internacionalización

1.4.1 INT1.1 Internacionalización

- Valor inicial: 0
- Valoración relativa: por debaixo da media da UDC (0.38)
- Causas internas do desempeño relativo:
 - O elevado tamaño que teñen as clases do grao e a súa saturación dificulta a creación de grupos de alumnos pequenos que poidan ser destinatarios deste tipo de docencia diferenciada.
 - A escaseza de espazos libres no centro dificulta a creación de grupos pequenos para impartir docencia diferenciada.
 - Parece arriscado implantar clases nun idioma estranxeiro, que podería dificultar a docencia e a avaliación das materias, cando partimos dunhas taxas de éxito baixas en relación coa media da universidade.
 - O PDI está familiarizado co idioma inglés, que é moi relevante desde sempre no campo de coñecemento da informática.
 - O grao do centro foi un dos últimos en ser implementados na UDC e o esforzo da devandita implantación, co conseguinte cambio ao EEES, desaconsellaba facer simultaneamente os cambios necesarios para proporcionar programas docentes en linguas estranxeiras, que parece máis axeitado abordar nunha segunda fase.
- Causas externas do desempeño relativo:
- Conclusión: A non existencia de titulacións con programas de docencia en inglés no centro supón unha debilidade do mesmo aínda que no momento actual semella razoable. O centro desexa cambiar esta situación, polo que plantexa que o Grao en Enxeñaría Informática se converta nunha titulación plurilingüe con docencia en inglés en 2020. Isto suporá un importante esforzo que requirirá a colaboración e coordinación dunha parte importante do PDI así como algúns cambios na planificación docente.

1.4.2 INT1.2 Titulacións conxuntas

- Valor inicial: 0
- Valoración relativa: na media da UDC (0.095)
- Causas internas do desempeño relativo:



- O grao do centro foi un dos últimos en ser implementados na UDC e o esforzo da devantida implantación, co conseguinte cambio ao EEES, desaconsellaba abordar simultaneamente a elaboración e implantación de titulacións conxuntas, que consideramos axeitado estudar nunha fase posterior.
- Causas externas do desempeño relativo:
 - Complexidade burocrática para o establecemento de titulacións conxuntas internacionais.
 - Custos do establecemento de titulacións conxuntas internacionais.
 - O custo de cursar este tipo de titulacións para o estudante fai prever unha demanda baixa.
 - O entorno de redución de axudas ao estudo dificulta a mobilidade.
- Conclusión: O centro atópase lixeiramente por debaixo da media da universidade, co que podemos clasificar este ámbito como unha debilidade da facultade. En consonancia co Plan Estratéxico da universidade, que plantexa aumentar o número de titulacións conxuntas internacionais e dobres titulacións internacionais en mestrado e grao ata o 2020, o centro adopta o mesmo obxectivo na súa planificación estratéxica, o que requirirá de cando menos un plan de mellora específico.

1.4.3 INT1.3 Alumnos estranxeiros

